



XUNTA
DE GALICIA



DEPORTE
GALEGO

AON
Empower Results®



Allianz

KUMHO



2026

2º DESAFIO KUMHO RALLYSPRINT 2026



FEDERACIÓN GALEGA DE
AUTOMOBILISMO

ARTIGO 1.- ORGANIZACIÓN.

ARTIGO 2.- COMITÉ ORGANIZADOR.

ARTIGO 3.- ASPIRANTES.

ARTIGO 4.- VEHÍCULOS ADMITIDOS.

ARTIGO 5.- INSCRICIÓN.

ARTIGO 6.- PRUEBAS REALIZABLES.

ARTIGO 7.- PREMIOS.

ARTIGO 8.- PUNTUACIONES.

ARTIGO 9.- PUBLICIDAD.

ARTIGO 10.- COMISARIO DE SEGUIMIENTO.

ARTIGO 11.- MODIFICACIONES Ó REGULAMENTO.

ARTIGO 12.- POSTOS DE SALIDA

Artigo 1.- ORGANIZACIÓN.

"ASR Tyres, S.L.", e a Federación Galega de Automobilismo organizan para o ano 2026 a **3º DESAFIO KUMHO RALLYSPRINT**. O presente Regulamento complementarase coas Prescricións Comúns e o Regulamento Xeral do Campionato de Galicia de Rallysprint, nos apartados que non figuren neste documento.

Artigo 2.- COMITÉ ORGANIZADOR.

O Comité Organizador ten entre as súas competencias a de emitir anexos que formarán parte do presente regulamento, modificalo, interpretalo e tamén resolver tódolos casos non previstos. Os devanditos anexos e modificacións, deberán ser aprobados pola Federación Galega de Automobilismo e publicados na web:

<http://www.fga.es/>.

O Comité estará integrado por un representante da Federación Galega de Automobilismo, e un representante de "**ASR TYRES, S.L.**"

En tódalas probas puntuables haberá un comisario representante do Comité que coidará de informar a tódolos participantes sobre a interpretación do presente Regulamento, e de transmitir ó Comité os problemas e incidencias que se plantexen, así como de controlala perfecta ubicación da publicidade nos vehículos.

Artigo 3.- ASPIRANTES.

A) Licenzas: Posuías licenzas dacordo co Anexo I da regulamentación F.G. de A. que habilite o concursante, piloto e copiloto que permitan participar nas probas indicadas no art. 6.

B) Tódolos gañadores das Fórmulas de Promoción, de tempadas anteriores, poden volver a participar nas mesmas, puntuando e optando ós premios en metálico.

C) Os pilotos que se inscriban nunha Fórmula de Promoción, dos Campionatos de Galicia, por especialidade e tempada non poderán mudar de Copa, Trofeo, Reto, ou Challenge ata a tempada seguinte

D) "ASR TYRES, S.L.", e a Federación Galega de Automobilismo, resérvanse o dereito a rexeitar calquera inscrición á **3º DESAFIO KUMHO RALLYSPRINT** sen ter que xustificalo.

E) Os pilotos e copilotos participantes dentro das copas KUMHO, deberán asistir as entrega de premios, entrevistas en medios de comunicación e actos promocionais, o non cumprimento da norma implicará a perda dos puntos e premios en metálico a que puidera optar en dita proba.

F) Para puntuar o piloto inscrito ten que conducir o 100% dos treitos cronometrados.

G) Todo piloto, copiloto, ou membro do equipo, que non facilite ou non autorice a Verificación Técnica do seu vehículo, será sancionado coa descalificación inmediata da proba, e darase traslado ao Tribunal Galego de Apelación da F.G.A. para a apertura do correspondente expediente disciplinario.

h) O equipo que resulte descalificado dunha proba por motivos deportivos ou técnicos (prescricións xerais do regulamento xeral), non poderá optar a ningunha atribución de puntos nin premios en metálico da proba correspondente.

I) Se a descalificación fose por motivos técnicos implicará a descalificación da copa ou trofeo nesa proba, e en caso de ser descalificado noutra proba será motivo de exclusión definitiva da copa ou trofeo no que participe.

J) Tódolos participantes terán que comprar alomenos 5 pneumáticos, a ASR Tyres, S.L. telf.: 607850171. Modelos: Kumho TM02. Blando (Ref. K22). Medio (Ref. K51). Duro (Ref. K61). Os Pneumáticos pódense tallar coas especificacións do fabricante.

.- Control de Pneumáticos: Todos os pneumáticos levarán unha marca (pegada), para o seu control, de falta dita marca, falsificación, imitación, etc., invalidarase o resultado e os premios, e implicará a exclusión total do **3º DESAFIO KUMHO RALLYSPRINT**.

Artigo 4.- VEHÍCULOS ADMITIDOS:

A **3º DESAFIO KUMHO RALLYSPRINT** está reservada exclusivamente ós vehículos de tracción dianteira e traseira que participarán nunha clasificación conxunta, non podendo participar os vehículos Rally5 nin R2.

A preparación de suspensión pode ser libre, sempre que non se modifique o ancho de vías.

Artigo 5.- INSCRICIÓNS:

Unha vez aceptada a inscrición no **3º DESAFIO KUMHO RALLYSPRINT** o participante estará oficialmente inscrito neste. Tódolos interesados en inscribirse no **3º DESAFIO KUMHO RALLYSPRINT** terán que facelo enviando a folla de inscrición en formulario "online" sita en:

<http://www.fga.es/formularios/index.php/>

O prazo de inscrición estará aberto ata 10 días hábiles antes da celebración da primeira proba na que se desexe participar. Non se aceptará ningunha inscrición incompleta. Non optarán a premios en metálico nin os puntos, aqueles que non formalicen a súa inscrición no prazo estipulado.

Artigo 6.- PROBAS PUNTUABLES:

Para a **3º DESAFIO KUMHO RALLYSPRINT**, serán puntuables as probas seguintes:

DATA	PROBA	ESCUDERÍA
20 e 21 febreiro 2026	3º Rallysprint CONCELLO DE PIÑOR	MOTOR PIÑOR
15 e 16 maio 2026	3º Rallysprint CONCELLO DE SILLEDA	SILLEDA
17 e 18 xullo 2026	3º Rallysprint VAL DE RAMIRAS	OURENSE
4 e 5 de Setembro 2026	1º Rallysprint AS SOMOZAS	AS SOMOZAS
2 e 3 outubro 2026	2º Rallysprint CONCELLO DE LOBIOS	OURENSE
13 e 14 novembro 2026	1º Rallysprint CERCEDA-TORDOIA	CONGOSTRA

Artigo 7.- PREMIOS:

A) En cada unha das probas puntuables para a **3º DESAFIO KUMHO RALLYSPRINT** outorgaranse os premios segundo a seguinte táboa:

PREMIOS POR PROBA:

Ata 5 inscritos.

1º 300 €
2º 200 €
3º 100 €
4º 75 €

Mais de 5 inscritos

1º 350 €
2º 250 €
3º 200 €
4º 150 €
5º 120 €
6º 100 €
7º 90 €
8º 75 €

PREMIOS FINAIS SCRATCH POR COPA

VENCEDOR PILOTOS TROFEO
VENCEDOR COPILOTOS TROFEO

Tódolos premios deste apartado son concedidos pola F.G.A., e "ASR TYRES, S.L." están afectados, no seu caso, pola retención vixente aplicada polo Ministerio de Facenda a conta do IRPF.

Artigo 8.- PUNTUACIÓN:

En cada unha das probas puntuables, para a **3º DESAFIO KUMHO RALLYSPRINT**, outorgaranse os seguintes puntos segundo o posto.

8.1.- Atribucións de puntos de acordo co lugar obtido na clasificación xeral scratch da copa:

Artigo 11.- MODIFICACIÓNS Ó REGULAMENTO:

Calquera modificación que puidera xurdir unha vez publicado ó presente regulamento, así como calquera cambio no calendario de probas, comunicarse ós inscritos mediante un complemento, e coa publicación na páxina de Internet <http://www.fga.es/>.

Artigo 12.- POSTOS DE SAÍDA:

Os equipos que participan no Desafío Kumho sairán agrupados e nunca poderán saír despois do número 16 da lista de inscritos. Na primeira proba a criterio da Federación Galega de Automobilismo, e a partir da segunda proba por orde de clasificación.